

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 22 de outubro de 2008**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Santiago Domínguez Olveira  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro  
D. José Manuel Mariño Mendoza

**NON ASISTEN:**

D. Xulio Calviño Rodríguez  
D<sup>a</sup> Elena Maure Noia  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**Invitados:**

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey  
D. Xesús López Carreira

D<sup>a</sup> Laura López Atrio  
D. Angel Rivas González  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás doce horas e sete minutos do día vinte e dous de outubro de dous mil oito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Blanco Serrano.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1573).- ACTA ANTERIOR.** Apróbanse as actas das sesións ordinaria do 26 de agosto, ordinaria e extraordinaria e urxente do 1 de setembro e ordinaria do 8 de setembro de 2008. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

**2(1574).- DAR CONTA DAS SENTENZAS E AUTOS REMITIDOS POR ASESORÍA XURÍDICA.**

Dáse conta das sentenzas e autos remitidos por Asesoría Xurídica, que son os seguinte:

- a) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A p.a. Nº 89/07. Demandante: D<sup>a</sup>. María del Carmen Martínez Blanco e outras 3 persoas. Obxecto: Resolución do TEA do Concello de Vigo, do 19/02/07 sobre providencia de constrinximento en liquidacións do IIVT de NU TRIBUTARIO, IIVTNU. Desestimado o recurso.

b) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A p. o. Nº 64/08. Demandante: “Colectivo de propietarios afectados de San Pedro de Sárdoma”, “Asociación de afectados por la Ronda de Vigo” e “Asociación de Vecinos de Santa Lucía de A Salgueira”. OBXECTO: Constitución sesión plenaria do 29/12/2007 e acordos (en relación coa aprobación provisoria do PXOM-2008). Inadmisibile o recurso.

c) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A p.a. Nº 154/08. Demandante: D. Amador Martínez Otero e outras 2 persoas. Obxecto: Resolución do 21/01/08 en reclamación patrimonial, expte. 1336/243. Desestimado o recurso.

d) Auto do X. do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A p.a. Nº 226/08. Demandante: D<sup>a</sup>. Zoila Montero Cao. Obxecto: Desestimación presunta de reclamación. Reclamación patrimonial, expte. 1580/243. Arquivo de actuacións.

e) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A p. a. Nº 174/08. Demandante: D. Luis A. Aguilar Carrascal. Obxecto: Acto da Xunta de Goberno Local, de data 18/02/2008, sobre responsabilidade patrimonial. Expte. nº.: 1435/243. Estimado o recurso.

f) Sentenza do TSXG no rec. Apelación 7022/2007 contra auto de inadmisión do X. Contencioso Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A p. o. nº 10/07 (medidas cautelares) Demandante: D. Horacio de la Campa Falque. Obxecto: “Vía de feito”, proxecto de saneamento en Saiáns-Oia (muíños do Fortiñón). Desestimada a apelación.

g) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A p.a. Nº 74/08. Demandante: D. Eustasio Tejedor Tejedor. Obxecto: Resolución da Xunta de Goberno local 12/01/08 en reclamación patrimonial, expte. 1254/243. Desestimado o recurso.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

### **3(1575).- REVISIÓN DO PREZO DO CONTRATO DUN DISPOSITIVO DE ATENCIÓN Á INFANCIA E A FAMILIA DO CONCELLO DE VIGO COA FUNDACIÓN ALDABA. EXPTE. 36258/301.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Actividades Económicas, do 9.09.08, conformado pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, pola concelleira-delegada de Facenda, o interventor xeral e a xefa de fiscalización, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar, en execución do prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación dun dispositivo de atención a infancia e a familia, adxudicado pola Xunta de Goberno Local de data 26 de febreiro de 2007, a nome de FUNDACIÓN ALDABA, CIF. G82453606, disposición de crédito por importe de 20.906,60€ na partida 3130.226.08.06 como incremento do prezo de contrato, por efecto da revisión de prezos, en función da variación do IPC nacional no período febreiro 2007 – febreiro 2008.

**4(1576).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 11/1749, 11/1722, 11/1521, 2/2267, 2/2257, 3/835, 3/2164.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo cos informes-proposta da traballadora social responsable do Programa, conformado pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda dar de alta no Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- Julio Fernández Rodeiro. Expte. 11/1722
- Luisa Martínez González. Expte. 11/1749
- Elena Fernández Oya. Expte. 11/1521
- Jose Luis Martínez Pena. Expte. 3/2164
- José Carrizo García. Expte. 3/835
- Isaac Álvarez Álvarez. Expte. 2/2257
- Casiano Vázquez Pérez. Expte. 2/2267

**5(1577).- CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN MUSICAL DE DIEGO EL CIGALA NO TEATRO SALESIANOS O DÍA 30.10.08 DENTRO DO FESTIVAL DE MÚSICA DE VIGO ARE MORE 2008. EXPTE. 11225/331.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 15.10.08, e de acordo co informe-proposta da técnica de xestión da Programación, do 25.09.08, conformado polo xefe do Departamento de Cultura e polo concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de contrato para a contratación, de acordo co previsto no artigo 20 da Lei 30/2007, da actuación musical de DIEGO EL CIGALA, dentro do programa de concertos do Festival de Música de Vigo Are More 2008, o día 30 de outubro ás 20,30 horas no Teatro Salesianos.

2º.- Autorizar un gasto por un importe de 40.600,00 € (IVE incluído) con cargo á partida presupostaria 4510.226.08.03 (programa de música, teatro e danza) do programa de Cultura para o vixente exercicio económico en concepto da contratación do referido espectáculo que se abonará a Ubiagrandal S.L.

3º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación de Cultura de CAIXAGALICIA Nº 2091 0501 61 3110002567.

*PROXECTO DE MODELO DE CONTRATO PARA A CONTRATACIÓN DE ACTIVIDADES E ESPECTÁCULOS PROGRAMADOS POLO DEPARTAMENTO DE CULTURA*

*En Vigo, o 9 de outubro de 2008*

*Dunha parte D. Xesus López Carreira, concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, en representación do CONCELLO DE VIGO, CIF P-3605700-H, con enderezo social en Vigo, Praza do Rei 1, CP 36202, que no presente contrato denominarase O CONCELLO.*

*Doutra parte D.Mario Ubiaga André, NIF 36105816-W, en calidade de administrador único), e que actúa en nome da empresa denominada UBIAGRANDAL S.L.CIF B-36916492, e con enderezo en Travesía do Príncipe 2-4 of.5 da cidade de Vigo, CP 36202 ; no sucesivo A AXENCIA.*

*Ambas partes, na representación que ostentan, recoñécense capacidade xurídica suficiente para celebrar o presente contrato que rexirá de conformidade ás seguintes*

## CLÁUSULAS

### OBXECTO DO CONTRATO

*Primeira.- O CONCELLO contrata á AXENCIA para que realice unha actuación do artista Diego El Cigala, no sucesivo O/A ARTISTA, o día 30 de outubro de 2008, ás 20,30 horas, no recinto denominado Teatro Salesianos, situado en Vigo, con unha duración mínima de 70 minutos.*

*A AXENCIA comprométese a non realizar ningunha outra actuación do/a ARTISTA dentro dos trinta días anteriores á data indicada nun raio de 35 quilómetros do lugar no que terá lugar a que é obxecto deste contrato.*

### VALIDEZ

*Segunda.- A validez deste contrato será efectiva desde o momento en que se atope en poder da AXENCIA, debidamente asinado e selado en todas as súas follas, incluídas as do ANEXO por todas as partes comparecentes.*

### PREZO, FORMA DE PAGO E GASTOS

*Terceira.- A AXENCIA percibirá unha retribución de 35.000,00 (TRINTA E CINCO MIL) euros, máis 5.600,00 (en concepto de 16 % de IVE), o que fai un total de 40.600,00 € (CORENTA MIL SEISCENTOS EUROS), en concepto da realización da actuación do/a ARTISTA; este concepto tamén inclúe o seu equipo técnico e humano necesario para a realización do espectáculo, ademais dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos e manutención.*

*O pagamento deste importe realizarase mediante talón nominativo a favor de UBIAGRANDAL S.L., que se entregará a MARIO UBIAGA ANDRÉ, NIF 36105816-W, momentos antes do comezo da actuación, co/a ARTISTA no recinto, tras a achega da factura correspondente conforme cos requisitos que establece o Real Decreto 2402/1985, do 18 de decembro.*

*O prezo pactado non será obxecto de revisión nin actualización por ningunha causa ou motivo.*

*Cuarta.- Serán por conta do CONCELLO todos os gastos que se xeneren como consecuencia da actuación, entre os que se inclúen a modo de exemplo os de organización, xestión, publicidade e dereitos de autor.*

### PERMISOS

*Quinta.- O CONCELLO, como organizador, responsabilízase da obtención dos permisos que sexan necesarios para a realización do espectáculo.*

### AFORO E ENTRADAS

*Sexta.- O recinto da actuación dispón dun aforo de 600 (SEISCENTOS) espectadores sentados. O CONCELLO porá á venda 400 (CATROCENTAS) entradas ao prezo de 25 € (VINTE E CINCO) euros cada unha e será beneficiario do total da recadación; tamén reservará 200 invitacións protocolarias das que entregará a AXENCIA un máximo de dez.*

*O CONCELLO poderá establecer as condicións de acceso do público ao concerto, que difundirá axeitadamente e que imprimirá na parte posterior da entrada ou invitación.*

### PROMOCIÓN E IMAXE DO/A ARTISTA

*Sétima.- O CONCELLO non poderá comercializar por sí ou a través de terceiros, en ningún momento, ningunha mercadoría ou produto vinculados á actuación obxecto deste contrato que utilice a imaxe, nome ou logotipo do/a ARTISTA, sen o anterior consentimento da AXENCIA, por escrito. Asemade, O CONCELLO proverá dos medios necesarios para impedir, no espazo de actuación ou nos seus arredores, a venda de material relacionado co/a ARTISTA por persoas non autorizadas. O CONCELLO non permitirá a entrada no recinto da actuación de*

*ningún tipo de cámara de vídeo ou cine, gravadoras ou calquera outro instrumento ou aparato que rexistre ou reproduza son ou imaxe. O CONCELLO advertirá ao público sobre a imposibilidade de acceder ao local con estes obxectos. A AXENCIA reservarase o dereito da explotación de produtos relacionados co/a ARTISTA no lugar e data do concerto, tras comunicación por escrito ao CONCELLO.*

*Oitava.- A AXENCIA autoriza ao CONCELLO, mediante o presente contrato, a gravación en vídeo ou reprodución fotográfica, cun tempo máximo de tres minutos, co exclusivo fin de informar aos medios de comunicación.*

*Para efectuar calquera outra retransmisión radiofónica, televisiva, toma de vídeo ou por calquera outro medio de gravación, será obrigatorio obter autorización da AXENCIA.*

*Novena.- A AXENCIA fixará os contactos promocionais oportunos, consistentes en citas e en entrevistas cos medios de comunicación e demais persoas vinculadas ao espectáculo, polo que disporá dos pases necesarios ao lugar da actuación a fin de atender os seus compromisos.*

#### **PUBLICIDADE**

*Décima.- O CONCELLO, desde a sinatura do presente contrato, comprométese a realizar unha campaña de publicidade axeitada á actuación contratada. A AXENCIA porá á disposición do CONCELLO os elementos publicitarios que se detallan no ANEXO.*

*No caso de que a AXENCIA queira situar publicidade sobre o escenario e/ou outros espazos do recinto do concerto, así como pezas publicitarias realizadas en calquera soporte, terán que contar con autorización expresa do CONCELLO. Neste apartado inclúense as mensaxes publicitarias sonoras e/ou audiovisuais.*

#### **PATROCINIOS**

*Décimo primeira.- O CONCELLO poderá contar coa colaboración de institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeral de actividades, o que implica que se reserva o dereito de poder exhibir publicidade ou anagramas dos seus colaboradores na publicidade xeral da súa programación, así como no recinto de actuación e nos seus aledaños, agás no escenario e nas estruturas de son, co obxecto de evitar a asociación da imaxe do/a ARTISTA cos colaboradores do CONCELLO.*

*O CONCELLO resérvase ademáis o dereito de acordar o patrocinio desta actuación con calquera marca ou firma comercial, tras a comunicación á AXENCIA por escrito, cunha antelación mínima de cinco días á data do concerto.*

*Décimo segunda.- Se o concerto ou xira do ARTISTA dispón dalgún patrocinador, A AXENCIA, cunha antelación mínima de días respecto á data do concerto, comunicará esta situación ao CONCELLO, quen poderá cancelar o contrato se existise algunha incompatibilidade cos seus propios patrocinadores. Neste caso O CONCELLO comunicará esta circunstancia á AXENCIA nun prazo de días, sen que corresponda indemnización algunha á AXENCIA.*

#### **SEGURIDADE DO ESPECTÁCULO**

*Décimo terceira.- O CONCELLO responsabilízase da seguridade xeral do espectáculo, polo que serán da súa conta a contratación dos medios mínimos definidos neste contrato ou no seu anexo, ademais do que se derive do Regulamento Xeral de Policía de Espectáculos e Actividades Recreativas e demais lexislación aplicable; sen perxuízo da responsabilidade que corresponda ao propietario do local do concerto e á AXENCIA ou á/ao ARTISTA.*

*Décimo cuarta.- O CONCELLO será responsable de impedir que se introduzan no local da actuación botellas, latas ou outros obxectos que puidesen resultar perigosos para a integridade física das persoas ou que poidan causar danos materiais aos elementos que formen parte do espectáculo. Se se vendesen bebidas dentro do lugar da actuación deberán ser servidas unicamente en vasos de plástico.*

Décimo quinta.- O CONCELLO asume a obriga de garantir que en ningún caso o público teña acceso ao escenario, estruturas e equipos de son e luces, zona traseira do escenario (“backstage”) e en xeral aquelas zonas que se definan como perigosas para as persoas ou para o bo desenvolvemento do espectáculo.

Décimo sexta.- O CONCELLO responderá da perda ou deterioro de todos os obxectos que O/A ARTISTA instale no recinto da actuación, tanto dos instrumentos e materiais de escenario, como dos efectos personais de camerino, sempre que A AXENCIA lle declare detalladamente ese material por escrito ao CONCELLO á súa chegada ao recinto de actuación, que deberá ser conformada polo persoal técnico do CONCELLO, previa a súa comprobación. En caso contrario O CONCELLO eximirase de claquera responsabilidade.

#### INSTALACIÓNS

Décimo sétima.- O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA o recinto do concerto desde as 9 horas do día da actuación até dúas horas despois do final da actuación.

Décimo oitava.- As instalacións, dependencias, persoal e servizos do lugar de actuación estarán en perfecto estado de dispoñibilidade, segundo as obrigas e condicións definidas que asumirá O CONCELLO.

#### SUSPENSIÓN DA ACTUACIÓN

Décimo novena.- Se por calquera causa grave ou de forza maior allea á AXENCIA debidamente xustificada, que impida á AXENCIA a realización do espectáculo, entendéndose como causa grave ou de forza maior, entre outras, perigo inminente, condicións climatolóxicas adversas (choiva, neve...), A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións. A decisión sobre a suspensión da actuación será tomada conxuntamente entre os representantes da AXENCIA e do CONCELLO, mediante a sinatura dun acta de conformidade.

Vixésima.- Se desde a sinatura do presente documento, o CONCELLO decidira suspender a actuación unilateralmente, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións.

Vixésimo primeira.- Só no caso de enfermidade ou forza maior xustificada do/a ARTISTA ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumprir os compromisos adquiridos mediante o presente documento, poderá a AXENCIA rescindir o mesmo, sen ningún dereito a indemnización por parte do CONCELLO; neste caso, A AXENCIA non percibirá cantidade algunha do pactado no presente contrato. Por este motivo, A AXENCIA comprométese a suscribir un seguro que, en caso de incomparecencia do artista, cubra os gastos de produción.

Vixésimo segunda.- No caso de suspensión do espectáculo, e se fora posible, fixarase de común acordo coa AXENCIA, data para unha nova actuación, que deberá levarse a cabo no prazo máximo de 30 días naturais a contar desde a data da suspensión.

A nova actuación deberá levarse a cabo nas mesmas condicións que as establecidas no presente contrato, se ben, o aspecto económico do mesmo será motivo de negociación en función da data de celebración.

#### RESOLUCIÓN DO CONTRATO

Vixésimo terceira.- O contrato pódese resolver por calquera das partes por causa de incumprimento grave da outra parte das obrigas derivadas do mesmo. Neste suposto, a parte cumpridora estará facultada para dar por resolto o contrato, unha vez feita a notificación por escrito correspondente e pasados quince días desta notificación.

Vixésimo cuarta.- O CONCELLO non asume respecto ao ARTISTA ou á AXENCIA ningunha outra obriga ou compromiso que non estea indicado expresamente neste contrato e nos seus anexos.

#### SUBMISIÓN

Vixésimo quinta.- As partes contratantes sométense aos tribunais da xurisdición que corresponda á cidade onde se realiza o concerto, con expresa renuncia de calquera outro foro de xurisdición que puidese corresponderlles,

para resolver cantas cuestións puidesen derivarse con motivo da interpretación ou cumprimento do presente contrato.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado para un só efecto, no lugar e data indicados.

## ANEXO

### 1. INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS

#### 1.1. ESCENARIO

A AXENCIA coñece e acepta as condicións de escenario existentes no recinto de actuación.

#### 1.2. SON E ILUMINACIÓN

A AXENCIA instalará para a actuación do/a ARTISTA os seus propios elementos de escenario e equipos de son e iluminación.

#### 1.3. BACKLINE

Será por conta da AXENCIA calquera elemento de “backline” necesario para a realización do concerto.

#### 1.4. RECINTO E INSTALACIÓNS

O CONCELLO e a AXENCIA coñecen e aceptan as características xerais do local e as súas instalacións e considéranas axustadas ás necesidades do concerto.

### 2. ÁREAS RESERVADAS OU DE ACCESO RESTRINXIDO

- Camerinos
- Saída ao escenario (entre caixas)
- Pasillos entre camerinos e escenario

### 3. ACOMETIDAS ELÉCTRICAS

Non se precisan

### 4. CAMERINOS

O CONCELLO proveerá ao ARTISTA de camerinos con capacidade suficiente de uso exclusivo, aillados do público, próximos ao escenario e con acceso directo ao mesmo.

Os camerinos estarán limpos e debidamente acondicionados, provistos dos seguintes elementos: servizos sanitarios e ducha, luz eléctrica, auga corrente, enchufes a 220 voltios, cadeiras, mesas, espellos, toallas, xabón, papel hixiénico e pechadura con chave.

Ninguén alleo á AXENCIA ou ao ARTISTA, sen a súa autorización, accederá aos camerinos, que estarán dispoñibles e vixilados desde o inicio das montaxes até o final das desmontaxes. O CONCELLO facilitará á AXENCIA ou ao ARTISTA o acceso inmediato aos camerinos cando estes llo requieran.

### 5. CATERING

O CONCELLO deberá suministrar no camerino do ARTISTA cunha antelación de UNHA HORA respecto á hora do comezo do concerto o seguinte catering: auga mineral, cafés e/ou infusións, frutos secos e sandwiches variados.

Tamén O CONCELLO proveerá de auga mineral aos técnicos antes (montaxes), curante e despois (desmontaxes) do concerto.

### 6. VEHÍCULOS

O CONCELLO xestionará que os vehículos que transporten o equipo do ARTISTA teñan acceso directo ao escenario ou ás portas do local da actuación; en caso contrario, O CONCELLO proveerá ao seu cargo os medios necesarios para desprazar alí os equipos.

O CONCELLO xestionará ou habilitará un espazo para circulación ou aparcadoiro de DOUS vehículos do ARTISTA e da AXENCIA que participen na realización do concerto, para o que A AXENCIA deberá facilitarlle ao CONCELLO, cunha antelación mínima de 15 días naturais respecto á data do concertos, os datos necesarios dos vehículos.

## 7. MERCHANDISING

O CONCELLO facilitaralle, se é o caso, á AXENCIA un espazo e mesa para o “merchandising” do ARTISTA, e unha persoa para a súa atención e venda.

## 8. PERSOAL DE PRODUCCIÓN

### 8.1. RESPONSABLE DE PRODUCCIÓN

O CONCELLO designará a unha persoa como único interlocutor válido ante A AXENCIA para as cuestións de produción e organización relacionadas co concerto. A AXENCIA coñecerá de antemán a identidade do responsable da produción, que estará presente no lugar do concerto á hora que se acorde para iniciar as montaxes. Durante o tempo de vixencia do contrato, o responsable da produción estará permanentemente localizable.

### 8.2. ELECTRICISTA

O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA un electricista cualificado e coñecedor da instalación do lugar do concerto, que terá que estar presente á chegada dos equipos do ARTISTA, durante as probas de son ou ensaios técnicos e durante o concerto. O resto do tempo no que estea vixente o contrato, estará permanentemente localizable.

### 8.3. MANTEMENTO

O CONCELLO ocuparase do mantemento das instalacións do local do concerto, polo que disporá ao seu cargo do persoal e materiais axeitados.

### 8.4. OUTRO PERSOAL

Será a cargo do CONCELLO calquer outro persoal necesario para a organización do concerto, como por exemplo taquilleiros, porteiros, acomodadores, etc.

## 9. VIXILANCIA E SEGURIDADE

O CONCELLO disporá dun equipo humano para realizar o servizo de vixilancia e seguridade que estará formado por persoal civil e especializado, e que deberá impedir a proximidade de persoas ao escenario, camerinos, “backstage”, equipos de son e luces, etc., de forma efectiva pero absolutamente respetuosa coas persoas. Este servizo cumprirá as obrigas de seguridade que se atribúen ao CONCELLO neste contrato.

O servizo de vixilancia e seguridade estará dispoñible desde 30 minutos antes do concerto até o final do mesmo. O persoal de seguridade atenderá:

- Zona de camerinos e pasillos
- Acceso ao escenario e backstage
- Equipos de son e de iluminación

As indicacións dos responsables de produción designados polo CONCELLO, co obxecto de contribuir ao bo desenvolvemento da actuación e dar cobertura ás obrigas adquiridas polo CONCELLO ante a AXENCIA e o ARTISTA, en canto á vixilancia e seguridade.

Até o momento de apertura de portas ao público, ao lugar do concerto só poderá acceder o persoal relacionado coa AXENCIA, O ARTISTA e o persoal de organización do CONCELLO. Todo o persoal relacionado co concerto deberá levar en lugar visible unha acreditación.

Dende 15 minutos antes do momento de apertura de portas ao público, O CONCELLO montará un dispositivo de seguridade integrado por persoas indentificables con acreditacións visibles.

O CONCELLO comunicará á AXENCIA a identidade da persoa que dirixirá o servizo de vixilancia e seguridade, que estará permanentemente localizable durante a vixencia do contrato e no lugar do concerto desde o momento de inicio da montaxe do dispositivo de seguridade, que funcionará antes da apertura de portas ao público.

## 10. ACTUACIÓN E ENSAIO

### 10.1. DISPONIBILIDADE DE ESCENARIO E ACOMETIDAS ELÉCTRICAS

Durante a xornada completa do día do concerto.

### 10.2. ENSAIO TÉCNICO

O ARTISTA precisa realizar un ensaio técnico no lugar do concerto, que terá unha duración de DÚAS horas aproximadamente, e que se realizará o día da actuación no horario que se acorde. Durante estes ensaios técnicos non poderá haber persoas alleas á organización do concerto.



### 10.3.HORARIOS (ACTUACIÓN E PORTAS)

O concerto comezará con estricteza puntualidade á hora fixada neste contrato, que será a anunciada ao público. A apertura de portas ao público producirase media hora antes da actuación. Nese momento entrará en funcionamento a totalidade do dispositivo de seguridade e terán que estar finalizados todos os ensaios técnicos.

### 11. PUBLICIDADE

A AXENCIA porá a disposición do CONCELLO, coa suficiente antelación, o material básico para a promoción do concerto: un dossier artístico (currículo dos artistas, músicos, programa completo...), fotografías de calidade en CD, fragmentos musicais en CD para medios radiofónicos...

### 12. PROGRAMA

O programa a interpretar será o que figura como anexo II do presente contrato; calquera modificación deberá ser comunicada pola AXENCIA por escrito e deberá contar, no seu caso, coa conformidade da dirección artística do festival.

*Ambas partes contratantes comprométese a cumprir todos os compromisos integrados neste contrato e anexo de condicións técnicas do espectáculo; así como a acordar outras estipulacións que contribúan á perfecta realización da actuación.*

*E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados.*

## **6(1578).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O R.C. NÁUTICO PARA O DESENVOLVEMENTO DO MITIN INTERNACIONAL OPTIMIST. EXPTE. 8013/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 26.09.08, e de acordo co informe-proposta do coordinador xeral da Tenencia de Alcaldía, do 18.09.08, conformado polo concelleiro de Deportes e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro: Aprobar o texto do convenio entre o Concello de Vigo a través da Concellería de Deportes e o Real Club Náutico de Vigo, para a celebración do Meeting Internacional de Optimist 2008, que se vai celebrar na cidade os días 27, 28, 29 30 e 31 de outubro e o 1 e 2 de novembro de 2008 e que se achega con este expediente.

Segundo: Aprobar o gasto de 22.000,00 €. a favor da entidade Real Club Náutico de Vigo, CIF: G-36612752, e con enderezo social na rúa as avenidas S/N Vigo 36202. O pagamento realizarase na conta 2080 0000 76 0040029936 con cargo á partida orzamentaria 4521.489.00.01 do vixente orzamento .

Terceiro: Habilitar ó Concelleiro delegado de deportes do Concello de Vigo, D. Fco. Xabier Alonso Pérez para asinar este convenio.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO PARA A CELEBRACIÓN DO MEETING INTERNACIONAL DE OPTIMIST A CELEBRAR ENTRE O 27 DE OUTUBRO E O 2 DE NO- VEMBRO DE 2008.

No Concello de Vigo, con data

de 2008.

Por parte do Concello de vigo: D. Fco. Xabier Alonso Pérez, Concelleiro Delegado de deportes

En nome e representación do "Real Club Náutico de Vigo", CIF: G-36612752 D. Franco Cobas González, DNI: 35889951 presidente da entidade.

*Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente con capacidade e competencia para asinar o presente convenio.*

**MANIFESTAN:**

*I- Que en aras do interese deportivo e social que para a cidade de vigo ten a realización do Meeting Internacional de Optimist, o Excmo. Concello de Vigo e a entidade "Real Club Náutico de Vigo" conveñen a a súa colaboración para a realización do mesmo durante os vindeiros días 27 a 31 de outubro, e 1 e 2 de novembro de 2008, con arranxo ás estipulacións que seguen.*

*II- Que o Real Club Nautico non está incurso en ningunha das prohibicións para ser beneficiario de subvencións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.*

**PRESCRIPCIÓNS:**

**Primeira:** *O obxecto do presente convenio establécese na colaboración da Concellería de Deportes do Concello de Vigo e o Real Club Náutico de Vigo para o desenvolvemento do evento deportivo "Meeting Internacional de Optimist" nas datas 27 a 31 de outubro, e 1 e 2 de novembro de 2008.*

**Segunda:** *A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición fin al primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2008; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*Esta subvención ten carácter excepcional dado o seu interese público e social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 19, 4C da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:*

*As actuacións previstas no convenio teñen un alto interese deportivo e cidadán e social, dada a súa natureza de promoción e difusión do deporte nautico. A proba ten un carácter internacional sendo a única das súas características e magnitude que se celebra en na cidade, achegándose a Vigo os mellores deportistas do mundo na especialidade na súa categoría.*

*A subvención que regula este convenio non obedece ós principios de publicidade e concorrencia dado que o Real Club Náutico de Vigo é a única entidade coa experiencia, a capacidade organizativa e especialmente coas autorizacións federativas para a organización deste evento.*

*En canto a subcontratación das actividades subvencionadas, o presente convenio autoriza as mesmas conforme ao establecido no artigo 27 da LSG.*

*A subvención obxecto deste convenio e compatible con calquera outra subvención, axudas ou ingresos percibidos polo beneficiario procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados.*

**Terceira:** *O Excmo. Concello de Vigo comprométese a:*

- Prestar coa máxima axilidade as autorizacións pertinentes para a organización do Meeting Internacional de Optimist ó Real Club Náutico de Vigo, para a celebración do mesmo os días 27 a 31 de outubro, 1 e 2 de novembro.*
- Colaborar na financiación do Meeting Internacional de Optimist a través da subvención ó "Real Club Náutico de Vigo" en relación ós gastos para a organización e desenvolvemento do Meeting Internacional de Optimist, por unha cantidade de 22.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 4521.489.00.01, Subvencións Eventos Deportivos, do orzamento en vigor.*
- O pago efectuarase unha vez realizas as actividades e trala xustificación e presentación da conta xustificativa indicada no apartado dez do presente convenio.*

Quarta: O Real Club Náutico de Vigo asume as seguintes obrigas:

1. Organizar o Meeting Internacional de Optimist, no ano 2008.
2. Asumir as responsabilidades derivadas da organización do evento, cubrindo unha póliza de responsabilidade civil en contía suficiente, tendo en conta a importancia do evento.
3. Todos os medios de difusión e promoción deberán empregar o galego como idioma cooficial da proba. Así mesmo, na instalación onde se celebre o evento figurará en lugar visible publicidade da Concellería de Deportes-Concello de Vigo.
4. Responder da veracidade dos datos da solicitude.
5. Cumprir todas as normas do clausulado do convenio.

Quinta: O seguimento da execución do presente convenio será realizado polo servizo de deportes da Concellería de deportes do Concello de Vigo.

A Concellería de Deportes, a través do servizo de deportes, aportará os medios necesarios para a coordinación das necesidades derivadas do cumprimento do presente convenio, así como o seguimento das tarefas de organización.

A aceptación por parte do Real Club Náutico de Vigo da subvención implica as obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións a entidades deportivas sen fin de lucro.

O Servizo de Deportes, como órgano instructor, poderá solicitar maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.

Unha vez concedidas as subvencións, o Concello de Vigo, a través dos seus servizos municipais poderá comprobar o correcto destino da subvención, procedendo de se lo caso, á revogación da subvención outorgada e á inhabilitación da entidade, para os efectos de non poder volver a solicitar axudas do Concello de Vigo.

O Concelleiro de Deportes do Concello de Vigo queda facultado para solucionar as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio.

Sexta: Así mesmo acordan que todos os ingresos derivados da organización do Meeting Internacional de Optimist serán percibidos en beneficio do "Real Club Náutico de Vigo".

Sétima: A vixencia do presente convenio será única e exclusivamente para a realización da "Meeting Internacional de Optimist 2008".

Oitava: As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 33 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Novena: O Real Club Náutico de Vigo deberá comunicar ó Concello de Vigo calquera Subvención que reciba para a organización do Meeting Internacional de Optimist 2008.

Décima: A xustificación da subvención farase por parte do beneficiario en forma de conta xustificativa, segundo o previsto no artigo 28 da LSG. A conta xustificativa deberá incluír unha declaración das actividades realizadas que teñan sido financiadas coa subvención, así como o seu custo, co desglose de cada un dos gastos incurridos.

Para a tramitación do pago do importe da axuda do presente convenio, o Real Club Náutico de Vigo deberá adxuntar coa memoria correspondente a seguinte documentación:

- a) Balance de Ingresos e gastos do evento.
- b) Relación conformada das facturas presentadas como xustificación da subvención.
- c) Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio, polo importe da subvención concedida, incluídos na relación anterior, coas seguintes especificidades:

Facturas orixinais que deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas se computará o gasto

acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que este exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente o obxecto do presente convenio.

Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante imputase total o parcialmente a subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.

Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de pago de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de participantes, técnicos, etc.,) emitidos polas Federacións ou pólo propio Real Club Náutico de Vigo que recollan adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

En xeral os documentos xustificativos deberán de corresponderse con gastos vinculados de forma directa co proxecto do evento organizado e subvencionado, sen que sexa necesario facer constar de forma expresa se os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación determinada nesta convocatória.

Coa xustificación deberá entregarse a acreditación de atoparse ó corrente cos cumprimentos das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Así mesmo entregarase unha declaración actualizada sobre a percepción ou non, por parte do beneficiario, doutras axudas para as actividades subvencionadas neste convenio, así como a indicación do importe e procedencia doutros fondos e recursos cos que fose financiada a actividade. Se o importe da subvención municipal illadamente ou en concorrencia con outras subvencións recibidas polo beneficiario para a actividade subvencionada excedese do custo desta, procederá o reintegro de tal exceso a esta Administración municipal ou a cantidade proporcional que proceda cando o dereito de reintegro municipal conorra co dereito de reintegro dos concedentes das outras subvencións concorrentes.

Tras a presentación da conta, que deberá realizarse no prazo máximo de 3 meses dende a finalización da actividade realizada, o Director Deportivo do IMD procederá a emitir un certificado sobre a realización do evento e de conformidade coa conta xustificativa, previa o pagamento dos 22.000,00 € correspondentes á subvención.

Así o conveñen no lugar e data no encabezamento expresados, e asinan por triplicado o presente documento.

**7(1579).- SOLICITUDE DA A.VV. SAN XOÁN POULO DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DA CARREIRA POPULAR FERNANDO NOGUEIRA O DÍA 26.10.08. EXPTE. 8031/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 14.10.08, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar , a A.VV. San Xoán Poulou, a organizar o vindeiro 26 de outubro de 2008, a Carreira Popular Fernando Nogueira, a partir das 10.00 horas e cun percorrido dende a Igrexa de San Xoán Poulou e pasando polas rúas Cantabria, Pouleira e Vista do Mar e rematando na A.VV. San Xoán Poulou.

**8(1580).- SOLICITUDE DE DELFIN TIME S.L. DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR O EVENTO “FUTBOL PARK DE COCA-COLA” NA PISTA DE PATINAXE DE SAMIL, O DÍA 25.10.08. EXPTE. 8023/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 13.10.08, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Delfin Time, S.L., a organizar os vindeiro sábado día 25 de outubro de 2008 , o evento FÚTBOL PARK DE COCA-COLA, na pista de patinaxe de Samil no horario de 11.00 horas a 15.00 horas e de 16.00 horas a 19.00 horas.

**9(1581).- CESE E NOVO NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES EN CONSELLOS ESCOLARES DE CENTRO. EXPTE. 9961/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do técnico do Servizo de Educación, do 10.10.08, conformado polo xefe do Servizo de Educación e a concelleira delegada, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Deixar sen efecto o nomeamento como representantes municipais nos consellos escolares de centro das escolas e colexios públicos de Vigo, as persoas que de seguido se relacionan, que tiña vixencia dende 01 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2008, segundo acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión do 11 de febreiro de 2008:

ZONA 1.

BEATRIZ ALONSO ASENJO (NIF 35.991.455-C) Pertence ao Grupo B

6. CEIP Carrasqueira Coruxo.
7. CEIP Carrasqueira Tintureira.
8. CEP Doutor Fleming.
9. CEIP Balaídos.
10. CEIP Beade Coutada.
11. CEIP Teis Paraixal.
12. CEIP Picacho – Ramón y Cajal
13. Educación Permanente de Adultos/as (EPA).
14. CEIP Lope de Vega.

ZONA 5.

CARMEN SASTRE VÁZQUEZ (NIF 36.049.832-T) Pertence ao Grupo C

1. CEIP Candeán Igrexa.
2. CEIP Candeán Fonteescura.
3. CEIP Cabral Sello.
4. CEIP Cabral Carballal.
5. CEIP Sta. Mariña Becerreira.
6. CEE Saladino Cortizo.
7. CEIP Valle Inclán.

ZONA 6.

ALFONSO SILVA LORENZO (NIF 36.002.568-R) Pertence ao Grupo D

1. CEIP Alcabre- Javier Sensat.
2. CEIP Bouzas Virxe do Rocío.
3. CEIP Navia A. R. Castelao.
4. CEIP Comesaña-Párroco Don Camilo.

5. CEIP Mosteiro-Bembrive.
6. CEIP Chans-Bembrive.
7. CEIP Doblada.

#### ZONA 7.

ROCÍO BRUZON ALCANIZ (NIF 36.058.643-W) Pertence ao Grupo D

1. EEI Nogal.
2. EEI Hernán Cortés.
3. EEI Aragón.
4. CEIP Frián-Teis.
5. CEIP Teis-Igrexa San Salvador.
6. CEIP Teis-Espiñeiro Sta. Tegra.
7. CEIP Teis-Coutadas Vicente Risco.
8. CEIP Lavadores San Paio- Eduardo Pondal.
9. CEIP Pombal.

SEGUNDO.- Nomear representantes municipais nos consellos escolares de centro das escolas e colexios públicos de Vigo, as persoas que de seguido se relacionan, con vixencia dende o 15 de outubro ata o 31 de decembro de 2008:

#### ZONA 1.

MIGUEL A. CARRERA MOURIÑO (NIF 35.943.947-F) Pertence ao Grupo B

1. CEIP Carrasqueira Coruxo.
2. CEIP Carrasqueira Tintureira.
3. CEIP Doutor Fleming.
4. CEIP Beade Coutada.
5. CEIP Teis Paraixal.
6. CEIP Picacho – Ramón y Cajal
7. Educación Permanente de Adultos/as (EPA).
8. CEIP Lope de Vega.
9. CEIP Teis- Igrexa San Salvador
10. CEIP Frián-Teis
11. CEIP Teis-Espiñeiro Santa Tegra
12. CEIP Teis-Coutadas Vicente Risco

#### ZONA 2.

PEDRO M<sup>a</sup> VÁZQUEZ IGLESIAS ( NIF 11.904.805-M) Pertence ao Grupo B

1. CEIP Emilia Pardo Bazán.
2. CPI Celso Emilio Ferreiro.
3. EEI Cristo da Victoria.
4. CEIP Eijo Garai.
5. CEIP Escultor Acuña.
6. CEIP Seis do Nadal.
7. CEIP Pintor Laxeiro.
8. CEIP Sárdoma Moledo
9. CEIP Balaidos
10. CEIP Valle Inclán
11. CEE Saladino Cortizo

#### ZONA 3.

MARÍA LUISA OTERO VÁZQUEZ (NIF 36.000.484-X) Pertence ao Grupo C

1. CEIP Josefa Alonso.
2. CEIP Otero Pedraio.
3. CEIP Ría de Vigo.
4. CEIP Igrexa-Valadares.
5. CEIP Sobreira-Valadares.
6. EEI Monte do Alba.
7. EEI Zamáns.
  
8. CEIP García Barbón.
9. CEIP Cabral-Sello
10. CEIP Cabral-Carballal
11. CEIP Santa Marina-Becerreira

ZONA 4.

ROSA MARÍA TORRES BOUZAS (NIF 36.019.300-N ) Pertence ao Grupo C

1. Escola Infantil Municipal Sta. Cristina.
2. Escola Infantil Municipal Atalaia.
3. Escola Infantil Municipal Sta. Marta.
4. Escola Infantil Municipal Costeira.
5. EEI Palencia.
6. EEI Sta. Tegra.
7. EEI Villalaura.
8. CEIP Altamar.
9. CEIP Canicouba.
10. CEIP Mestres Goldar.
11. EEI Nogal
12. EEI Hernán Cortés
13. EEI Aragón

ZONA 5.

IGNACIO OJEA PÉREZ (NIF 36.046.809-J) Pertence ao Grupo A

1. CEIP Candeán Igrexa.
2. CEIP Candeán Fonteescura.
3. CEIP Alcabre- Javier Sensat.
4. CEIP Bouzas Virxe do Rocío.
5. CEIP Navia A. R. Castelao.
6. CEIP Comesaña-Párroco Don Camilo.
7. CEIP Mosteiro-Bembrive.
8. CEIP Chans-Bembrive.
9. CEIP Doblada.
10. CEIP Lavadores San Paio- Eduardo Pondal.
11. CEIP Pombal.

TERCEIRO.- Aprobar a aplicación para este concepto da dieta de 39,78.-€, establecida na actualidade para a categoría segunda de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos Grupos A e B; e da dieta de 36,72.-€, establecida na actualidade para a categoría terceira de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos Grupos C e D, consonte co Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servicio.

CUARTO.- Establecer a perda da condición de representante municipal para que non xustifique, antes da súa realización, a súa ausencia á reunión do consello escolar de centro ou á de coordinación do Servizo de Educación que, a fin de estudar a situación xeral, se convocarán, cando menos, trimestralmente.

**10(1582).- PROPOSTA PARA PROMOVER COMO INICIATIVA LOCAL DE EMPREGO (ILE) O PROXECTO “AULATEL FORMACIÓN Y CONSULTORÍA S.L.”. EXPTE. 5375/77.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Promoción Económica e Emprego, do 3.10.08, conformado polo concelleiro de dito Servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

Promover ante a Consellaría de Traballo, a cualificación como Iniciativa Local de Emprego do proxecto empresarial denominado “AULATEL FORMACIÓN Y CONSULTORÍA S.L” (que terá por obxecto a comercialización de formación son-line a través dunha Plataforma interactiva propia trilingüe: galego castelán e portugués) sendo necesario para isto a participación municipal, que consistirá no seguinte:

- Apoio polo equipo do Servizo de asesoramento a emprendedores/as (SAE) do Concello de Vigo, que por parte dos Axentes de emprego de desenvolvemento local (ADLs) asisten na preparación e confección da memoria e proxecto de viabilidade empresarial da iniciativa, así como no asesoramento para levar a cabo os trámites para a posta en marcha de dita iniciativa empresarial, e axuda na posterior solicitude das subvencións correspondentes ante a Consellaría de Traballo.
- Terá preferencia, de acordo coas correspondentes bases reguladoras, na concesión das axudas municipais á creación de empresas ás que de ser o caso opte.

**11(1583).- PROPOSTA PARA PROMOVER COMO INICIATIVA LOCAL DE EMPREGO (ILE) O PROXECTO “BIMBIOS SERVICIOS DIGITALES S.L.”. EXPTE. 5376/77.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Promoción Económica e Emprego, do 3.10.08, conformado polo concelleiro de dito Servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

Promover ante a Consellaría de Traballo, a cualificación como Iniciativa Local de Emprego do proxecto empresarial denominado “BIMBIOS SERVICIOS DIGITALES S.L” (que terá por obxecto a venda de solucións integrais dixitais en base á tecnoloxía de escaneado 3D), sendo necesario para isto a participación municipal, que consistirá no seguinte:

- Apoio polo equipo do Servizo de asesoramento a emprendedores/as (SAE) do Concello de Vigo, que por parte dos Axentes de emprego de desenvolvemento local (ADLs) asisten na preparación e confección da memoria e proxecto de viabilidade empresarial da iniciativa, así como no asesoramento para levar a cabo os trámites para a posta en marcha de dita iniciativa empresarial, e axuda na posterior solicitude das subvencións correspondentes ante a Consellaría de Traballo.
- Terá preferencia, de acordo coas correspondentes bases reguladoras, na concesión das axudas municipais á creación de empresas ás que de ser o caso opte.



**12(1584).- RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS NO SERVICIO DE MEDIO AMBIENTE NO MES DE SETEMBRO DE 2008. EXPTE. 5977/306.**

Mediante providencia do 7.10.08, a concelleira delegada de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo dá conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Medio Ambiente durante o mes de setembro de 2008 e que son os seguintes:

EXPTE.: 5950/306		- CONTRATOS MENORES -			Setembro 2008		
Expte.	Partida	CM	Asunto	Adxudicatario	Data Decreto	Data RC	Importe
5875/306	4450.227.06.00	SER	Elaboración de auditorías enerxéticas en edificios e colexios públicos de educación primaria dependentes do Concello	FAIMEVI	29/08/2008	19/09/2008	17.191,20 €
5950/306	4450.227.06.00	SER	Organización e desenv. Xornadas de formación monitores, recopilación e presentación información Camiño a Camiño	Sondara Solucións, SLNE	30/09/2008	01/10/2008	14.500,00 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**13(1585).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 23.762,41 € A FAVOR DE SIMCO S.L. POLO MANTENIMENTO DOS PARQUES FORESTAIS DE VIGO DURANTE O MES DE SETEMBRO DE 2008. EXPTE. 4292/446.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 7.10.08, e de acordo co informe-proposta do enxeñeiro de Montes, do 2.10.08, conformado pola concelleira-delegada, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar unha indemnización substitutiva a favor da empresa Simco S. L. polo mantemento dos Parques Forestais de Vigo durante o mes de setembro de 2008, por importe de 23.762,41 €.

2º.- Recoñecer a obriga a favor da empresa Simco S. L. por un importe de 23.762,41 € como consecuencia do mantemento dos Parques Forestais de Vigo e con cargo a partida orzamentaria 4326.210.00.01

**14(1586).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA A EXECUCIÓN DOS ESTUDIOS DE TRANSPORTES Ó PARQUE TECNOLÓXICO E ESTUDIO DE TRANSPORTE Ó CAMPUS UNIVERSITARIO LAGOAS-MARCOSENDE. EXPTE. 74785/210.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta ma Mesa de Contratación realizada o día 17.09.08, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar definitivamente a Strategy Planning Implementation Management, S.L: o Estudo do plan de transporte ó Parque Tecnolóxico e loxístico de Valadares (lote 1 do Expte. 74785-210) por un prezo total de 28.500 euros e a inclusión como mellora na fase 1 do proxecto dun Benchmarking con casos similares. Todo iso de acordo co proxecto e pregos de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno de 18.07.2008 e a oferta presentada.

2º.- Adxudicar definitivamente a Strategy Planning Implementation Management, S.L: o Estudo do plan de transporte ó Campus Universitario Lagoas Marcosende (lote 2 do Expte. 74785-210) por un prezo total de 28.500 euros e a inclusión como mellora na fase 1 do proxecto dun Benchmarking con casos similares. Todo iso de acordo co proxecto e pregos de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno de 18.07.2008 e a oferta presentada.

**15(1587).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA CANTEIROS. EXPTE. 56105/250.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 8.10.08, conformada polo interventor xeral e pola xefa de fiscalización, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar provisionalmente a Obras y Construcciones Dios, S.A. a execución das obras de construción de beirarruas na rúa Canteiros. (Expte 56105-250) por un prezo total de 67.763,89 euros e un prazo de garantía de 24 meses. Todo o anterior de acordo co proxecto e prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 05.08.2008 e a oferta presentada.

2º.- No prazo dos 15 días hábiles seguintes a inxerción no perfil do contratante do presente acordo o adxudicatario provisional tera que presentar a seguinte documentación:

- A acreditativa de estar ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia. (respecto das do concello de Vigo se obterá de oficio pola administración).
- Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.
- Presentar compromiso de participar na execución do contrato por parte do seguinte persoal:
  - Enxeñeiro ou enxeñeiro técnico proposto como xefe de obra.
  - Encargado ou capatáz.
  - 2 oficiais de 1ª.
  - 1 oficiais de 2ª.
  - 3 operarios peóns.

**16(1588).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA XUNCAL. EXPTE. 55339/250.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 8.10.08, conformada polo interventor xeral e pola xefa de fiscalización, a Xunta de Goberno local acorda:

A vista das actuacións da Mesa de Contratación celebradas os días 24-09-2008 e 01-10-2008 e o informe do técnico da Oficina de Proxectos e Inspección Técnica de obras e o xefe de Área de Servizos Xerais de 07-10-2008, a Mesa de Contratación por unanimidade dos asistentes, propón á Xunta de Goberno Local a adxudicación provisional seguinte. Esta proposta de adxudicación provisional se convertirá en proposta de adxudicación definitiva sen necesidade dun novo acordo da mesa de contratación, se se presentan os documentos esixidos no apartado 2º da proposta.

1º.- Adxudicar provisionalmente a Construcciones Fernández y Hermida, S.A. a execución das obras de construción de beirarrúa na rúa Xuncal (Expte 55339-250) por un prezo total de 52.245,58 euros e un prazo de garantía de 24 meses. Todo o anterior de acordo co proxecto e prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 05-08-2008 e a oferta presentada.

2º.- No prazo dos 15 días hábiles seguintes a inxerción no perfil do contratante do presente acordo o adxudicatario provisional tera que presentar a seguinte documentación:

- A acreditativa de estar ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia. (respecto das do concello de Vigo se obterá de oficio pola administración).
- Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.
- Presentar compromiso de participar na execución do contrato por parte do seguinte persoal:
  - Enxeñeiro ou enxeñeiro técnico proposto como xefe de obra.
  - Encargado ou capatáz.
  - 2 oficiais de 1ª.
  - 1 oficiais de 2ª.
  - 3 operarios peóns.

**17(1589).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DAS OBRAS DE MELLORA DA REDE DE ABASTECIMENTO, SANEAMENTO E REPOSICIÓN DE PAVIMENTO DA TRAVESÍA PINO, FASE 1 E 2. EXPTE. 55587/250.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 8.10.08, conformada polo interventor xeral e pola xefa de fiscalización, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar provisionalmente a Construcciones Crespo, S.L. a execución das obras de mellora da rede de abastecemento, saneamento e reposición de pavimento da Travesía do Pino, fases 1 e 2. (Expte 55587-250) por un prezo total de 216.499,87 euros e un prazo de garantía de 24 meses. Todo o anterior de acordo co proxecto e prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 26.08.2008 e a oferta presentada.

2º.- No prazo dos 15 días hábiles seguintes a inxerción no perfil do contratante do presente acordo o adxudicatario provisional terá que presentar a seguinte documentación:

- A acreditativa de estar ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia. (respecto das do concello de Vigo se obterá de oficio pola administración).
- Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.
- Presentar compromiso de participar na execución do contrato por parte do seguinte persoal:
  - Enxeñeiro ou enxeñeiro técnico proposto como xefe de obra.
  - Topógrafo
  - Encargado ou capatáz.
  - 3 oficiais de 1ª.
  - 2 oficiais de 2ª.
  - 4 operarios peóns.

**18(1590).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DAS OBRAS DE REURBANIZACIÓN DA PRAZA EDUARDO CHAO, FASE 2A. EXPTE. 55602/250.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 8.10.08, conformada polo interventor xeral e pola xefa de fiscalización, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar provisionalmente a Construcción Obras y Viales, S.A. a execución das obras contratación das obras de reurbanización da praza de Eduardo Chao. (Expte 55602-250) por un prezo total de 171.900 euros e un prazo de garantía de 24 meses. Todo o anterior de acordo co proxecto e prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 26-08-2008 e a oferta presentada.

2º.- No prazo dos 15 días hábiles seguintes a inxerción no perfil do contratante do presente acordo o adxudicatario provisional tera que presentar a seguinte documentación:

- A acreditativa de estar ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia. (respecto das do Concello de Vigo se obterá de oficio pola administración).
- Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.
- Presentar compromiso de participar na execución do contrato por parte do seguinte persoal:
  - Enxeñeiro ou enxeneiro técnico proposto como xefe de obra.
  - Topógrafo
  - Encargado ou capatáz.
  - 3 oficiais de 1ª.
  - 2 oficiais de 2ª.
  - 4 operarios peóns.

**19(1591).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA MANUEL COSTA BASTOS. EXPTE. 56099/250.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 8.10.08, conformada polo interventor xeral e pola xefa de fiscalización, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar provisionalmente a Construcción Obras y Viales, S.A. a execución das obras de construción de beirarruas na rúa Manuel Costas Bastos. (Expte 56099-250). por un prezo total de 120.100 euros e un prazo de garantía de 24 meses. Todo o anterior de acordo co proxecto e prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 05-08-2008 e a oferta presentada.

2º.- No prazo dos 15 días hábiles seguintes a inxerción no perfil do contratante do presente acordo o adxudicatario provisional tera que presentar a seguinte documentación:

- A acreditativa de estar ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia. (respecto das do concello de Vigo se obterá de oficio pola administración).
- Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.
- Presentar compromiso de participar na execución do contrato por parte do seguinte persoal:
  - Enxeñeiro ou enxeneiro técnico proposto como xefe de obra.
  - Encargado ou capatáz.
  - 2 oficiais de 1ª.

- 1 oficiais de 2ª.
- 3 operarios peóns.

**20(1592).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA BAIXADA STA. CRISTINA, FASE 1. EXPTE. 56100/250.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 8.10.08, conformada polo interventor xeral e pola xefa de fiscalización, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar provisionalmente a Obras, Reformas e Saneamento, S.L. (ORESA) a execución das obras de construción de beirarruas na baixada a Sta Cristina Fase 1. (Expte 56100-250) por un prezo total de 140.937,72 euros e un prazo de garantía de 24 meses. Todo o anterior de acordo co proxecto e prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 05-08-2008 e a oferta presentada.

2º.- No prazo dos 15 días hábiles seguintes a inxerción no perfil do contratante do presente acordo o adxudicatario provisional tera que presentar a seguinte documentación:

- A acreditativa de estar ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia. (respecto das do concello de Vigo se obterá de oficio pola administración).
- Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.
- Presentar compromiso de participar na execución do contrato por parte do seguinte persoal:
  - Enxeñeiro ou enxeñeiro técnico proposto como xefe de obra.
  - Encargado ou capatáz.
  - 2 oficiais de 1ª.
  - 1 oficiais de 2ª.
  - 3 operarios peóns.

**21(1593).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA SANTA MARINA. EXPTE. 55428/250.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 15.10.08, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar provisionalmente a Construcciones Eiriña, S.L. a execución das obras construción de beirarruas na rúa Santa Marina. (Expte 55428-250) por un prezo total de 95.492,57 euros e un prazo de garantía de 12 meses. Todo o anterior de acordo co proxecto e prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 05-08-2008 e a oferta presentada.

2º.- No prazo dos 15 días hábiles seguintes a inxerción no perfil do contratante do presente acordo o adxudicatario provisional tera que presentar a seguinte documentación:

- A acreditativa de estar ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia. (respecto das do concello de Vigo se obterá de oficio pola administración).
- Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.
- Presentar compromiso de participar na execución do contrato por parte do seguinte persoal:
  - Enxeñeiro ou enxeñeiro técnico proposto como xefe de obra.

- Encargado ou capatáz.
- 2 oficiais de 1ª.
- 1 oficiais de 2ª.
- 3 operarios peóns.

**22(1594).-ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA MUIÑOS. EXPTE. 56097/250.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 15.10.08, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar provisionalmente a Construcciones Eiriña, S.L. a execución das obras construción de beirarruas na rúa Muiños. (Expte 56097-250) por un prezo total de 92.489,36 euros e un prazo de garantía de 12 meses. Todo o anterior de acordo co proxecto e prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 05-08-2008 e a oferta presentada.

2º.- No prazo dos 15 días hábiles seguintes a inxerción no perfil do contratante do presente acordo o adxudicatario provisional tera que presentar a seguinte documentación:

- A acreditativa de estar ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia. (respecto das do concello de Vigo se obterá de oficio pola administración).
- Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.
- Presentar compromiso de participar na execución do contrato por parte do seguinte persoal:
  - Enxeñeiro ou enxeñeiro técnico proposto como xefe de obra.
  - Encargado ou capatáz.
  - 2 oficiais de 1ª.
  - 1 oficiais de 2ª.
  - 3 operarios peóns.

**23(1595).- AMPLIACIÓN DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE ATENCIÓN Ó PÚBLICO EN EXPOSICIÓNS E ACTIVIDADES DE DEPENDENCIAS CULTURAIS. EXPTE. 11140/331.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Negociado, do 10.10.08, conformado polo concelleiro da Área de Cultural, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local de 07-11-2005 adxudicou a Servicios Securitas, S.A.. o concurso para a prestación do servizo de atención ó público nas dependencias da unidade de Cultura e Verbum Casa das Palabras.*

*O xefe do departamento de Cultura e o Director Administrativo do Verbum-Casa das Palabrasl en informe que se achega no expediente expon que con motivo do incremento de actividades, ampliación de horarios e servizos no Verbum-Casa das Palabras é necesario ampliar o contrato da actual empresa contratista..*

*O artigo 101 da Lei de contratos das Administracións Públicas establece que o órgano de contratación só poderá introducir modificacións por razóns de interese público nos elementos que integren o contrato sempre que se-xan debidas a necesidades novas ou causas imprevistas, xustificandoo debidamente no expediente.*

O importe total da modificación do contrato é de 18.985,73 euros que pode imputarse á partida 4510.227.06.14. que corresponden a 853 horas de servizo.

A modificación do contrato é obrigatoria para o contratista por non supera-la porcentaxe do 20% do prezo do contrato. Este, previamente a formalización da modificación do contrato, terá que constituir unha garantía definitiva por importe de 759,42 euros.

Por iso, previos informes do titular da Asesoría Xurídica do concello e a Intevención Xeral, proponse a Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Modificar o contrato da prestación do servizo de atención ó público nas dependencias da unidade de Cultura e Verbum Casa das Palabras subscrito coa empresa "Securitas Servizos S.A." no sentido de incrementar o número de horas de prestación en 853 .

2º.- O custo da modificación do contrato é de 18.985,73 euros que poden imputarse á partida 4510.227.06.14.

3º Previamente a formalización da modificación do contrato, Securitas Servicios, S.A. terá que constituir unha garantía definitiva por importe de 759,43 euros.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **24(1596).- DESESTIMACIÓN DO RECURSO INTERPOSTO POR D. FELIX GOBERNA COSTAS EN RELACIÓN COA ENTREGA DE ENSERES DO RESTAURANTE AS DORNAS. EXPTE. 18367/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 8.10.08, conformado polo concelleiro-delegado de Patrimonio e pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES:**

**PRIMEIRO.-** A Xunta de Goberno Local en sesión de 18 de xullo do 2008 acordou Denegar a solicitude formulada por D. Felix Goberna Costas sobre os enseres do antigo Restaurante AS Dornas, ao tratarse de bens obxecto de reversión o patrimonio municipal, consonte o disposto na Cláusula VII. do Prego de Condicións que rexeu a concesión administrativa para a construción e explotación do restaurante na praia de Samil, aprobado por acordo plenario de 30.05.1975.

Acordo que foi notificado ó interesado en data 28.08.2008.

**SEGUNDO.-** D. Felix Goberna Costas , mediante escrito con entrada no rexistro xeral do concello en data 17.09.2008 formula recurso de reposición contra dito acordo, solicitando a súa estimación e devolución dos elementos solicitados (enseres do antigo restaurante As Dornas).

#### **FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

**PRIMEIRO.-** O acordo da xunta de goberno local de 7.08.2006, resolve a solicitude da interesada sobre a devolución dos enseres e dun hórreo que atópanse no inmovible de titularidade municipal trala extinción da concesión administrativa outorgada polo pleno municipal do 30.01.1976 para a construción e explotación do restaurante ("As Dornas") na praia de Samil na parcela 3-M-1.

O rexeitamento de dita pretensión ven motivado, tal como resulta do acordo adoptado, na aplicación das condicións nos que foi outorgada dita concesión , reflectidas no Prego de Condicións que a rexeu para a construción e explotación do restaurante na parcela municipal, aprobado por acordo plenario de 30 de maio de 1975.

SEGUNDO.- O interesado no recurso interposto reitera a solicitude de entrega dos devanditos bens, alegando a necesidade dunha valoración máis aló do teor literal do prego de condicións ou a aplicación dun réxime diferente o previsto no mesmo prego de condicións , para a devolución tanto dos enseres e útiles do restaurante como do hórreo de pedra existente na parcela, respectivamente.

TERCEIRO.- As alegacións formuladas no recurso presentado, carecen de fundamento sendo conseguintemente inadmisibles xa que o rexime xurídico de aplicación que regula a reversión dos bens mobles e inmobles suxeitos a concesión administrativa , é o previsto no prego de condicións pola que rexeuse, e consonte a que adoptouse o acordo agora recorrido, sen que quepa entrar noutras interpretacións do seu clausulado resultando este “lex contratus” entre as partes, a que quedan vencelladas para o seu cumprimento nos propios termos acordados e segundo resulte do teor literal do seu contido, tal e como sinala o art. 3 e 1281 do código civil en materia da interpretación das normas xurídicas e dos contratos.

CUARTO.- Polo tanto, resulta axustado a dereito o acordo da xunta de goberno local obxecto de recurso, denegatorio da pretensión do recorrente, o terse adoptado de acordo co réxime disposto na cláusula VII do prego de condicións para a reversión dos bens solicitados.

QUINTO.- Corresponde a Xunta de Goberno Local, a resolución do recurso de reposición interposto, de conformidade co disposto no art. 116 da L.30/92 de RXAP e PAC.

Por todo o anteriormente exposto, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

“ÚNICO. Desestimar o recurso de reposición interposto por D. Felix Goberna Costas , contra o acordo da Xunta de Goberno Local 18.07.2008, o non resultar desvirtuados os fundamentos xurídicos que motivaron a desestimación da solicitude de devolución dos esneres e hórreo de pedra do antigo restaurante As Dornas.”

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **25(1597).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DAS OBRAS DE REFORMA E ADAPTACIÓN DO AUDITORIO MUNICIPAL. EXPTE. 2751/335.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 16.10.08, conformado pola xefa de fiscalización e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar definitivamente a Oreco, S.A. a execución das obras de reforma e adaptación do Auditorio Municipal (Expte. 2751-335) por un prezo total de 813.870 euros, un incremento do prazo de garantía de 36 meses e comprometéndose a execución das seguintes melloras valoradas na súa totalidade en 8.166 euros:

- Substitución do tipo de conducto de climatización previsto, empregando o tipo “Climaver Neto” en lugar do “Climaver Plus”, co fin de acadar unha maior atenuación acústica.
- Substitución do refrixerante “R407c” polo “R410a” nas máquinas de climatización, tendo que troca-la marca comercial destas pasando de “Climaventa” a “Ciatesa” co fin de acadar un mellor



COP e mellor rendemento. u en praz Todo iso de acordo co proxecto e pregos de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno de 07-07-2008 e a oferta presentada ”

Todo o anterior de acordo co proxecto e prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 14.07.2008 e a oferta presentada.

**26(1598).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN DAS CARROZAS QUE SE UTILIZARÁN NA CABALGATA DE REIS 2009. EXPTE. 2556/335.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación, do 6.10.08, conformado polo concelleiro da Área de Cultura e Festas, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto de 50.000 euros para a prestación dos servizos de deseño e produción de carrozas para a cabalgata de Reis do ano 2009 que se imputarán á partida presupuestaria 45122260800 do vixente presuposto.

2º.- Aproba-lo prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos polo Excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) de data 01.09.2008 e o prego de prescripción técnicas para a prestación dos servizos de deseño e produción de carrozas para a cabalgata de Reis do ano 2009.

3º.- Convocar a licitación para a selección do contratista por procedemento negociado sen publicidade, solicitando oferta a alomenos a tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

**27(1599).- ASISTENCIA DE Mª CRISTINA TOSCANO NOVELLA Ó V CONGRESO INTERNACIONAL SOBRE MUSEALIZACIÓN XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS EN CARTAGENA O 24-27 NOVEMBRO DE 2008. EXPTE. 4559/307.**

Examinadas actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Patrimonio Histórico, do 24.09.08, conformado pola concelleira delegada de Patrimonio Histórico e pola concelleira delegada de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar a asistencia de Mª Cristina Toscano Novella, arqueóloga municipal, ó *V Congreso Internacional de Musealización de Xacementos Arqueolóxicos* que se celebrará na cidade de Cartagena entre os días 24 ó 27 de novembro de 2008.

2º.- Autorizar o gasto con cargo ó orzamento municipal vixente de 1.107,03 € correspondentes ós gastos de inscrición, desprazamento, aloxamento e manutención, conforme ó cadro seguinte:

CONCEPTO	EUROS	PARTIDA APLICACIÓN
Cota de inscrición	100	4531.1620000
Viaxe coche (2.104 km)	399,76	4531.2310000
Peaxes autopistas	52,90	4531.2310000
Dieta aloxamento <sup>1</sup> (5 noites)	329,97	4531.2300100
Dietas manutención <sup>2</sup> (6)	224,40	4531.2300100

1 Saída de Vigo día 23 en coche, volta dende Cartagena o día 28 pola mañá.

Total gastos	1.107,03
--------------	----------

3º.- Autorizar o uso do vehículo propio para a viaxe.

4º.- A concesión dun libramento para xustificar a nome de Mª Cristina Toscano Novella, arqueóloga municipal, polo importe total de 1.107,03 €, mediante talón nominativo, para facer fronte ós gastos derivados da súa asistencia ao V Congreso Internacional de Musealización de Xacementos Arqueolóxicos.

**28(1600).- ABOAMENTO DE PRODUTIVIDADE DAS GARDAS REALIZADAS POR CABOS DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS DESENVOLVENDO FUNCIONS DE SARXENTO. EXPTE. 18462/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 13.10.08, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 21.08.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

“Primeiro.- Proceder ao aboamento dun complemento de produtividade por un importe total de 11.470,39 €, desglosado como a continuación se indica aos seguintes cabos do Servizo de Extinción de Incendios:

NOME	N PERSOAL	N HORAS	N GARDAS	IMPORTE
ALONSO COVELO VICENTE	20592	312	13	502,07
FERNANDEZ CABALEIRO J LUIS	18508	912	38,0	1467,59
LOPEZ LANDESA FELIX	14090	768	32	1235,87
LOPEZ RIOCABO JESUS	20853	408	17	656,55
MONTES IGLESIAS EDELMIRO	10777	1464	61	2355,87
SOLVEIRA DE LA FUENTE, F	20913	672	28	1081,38
VILLAR COMESAÑA JOSE A	21380	456	19	733,80
VILLAVERDE VELEIRO J.B.	14700	960	40	1544,83
ALONSO VILLAR JUSTO	20801	1176	49	1892,42
			TOTAL	11.470,39

pola actividade extraordinaria realizada como sarxentos, acreditadas segundo informe do Xefe do Servizo, e ao obxecto de dar efectivo cumprimento do mandato xudicial contido na Sentencia nº 177/2005, do 24 de maio, dictada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no recurso contencioso-administrativo (procedemento abreviado) nº 321/2004 estimatoria parcial e declarativa do dereito dos funcionarios cabos do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento nos termos e condicións da propia sentenza e nos autos de data 1/6/2006, 9/6/2006 e 27/6/2006, dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, dando cumprimento en consecuencia –e previo o preceptivo informe da Intervención Xeral- á extensión dos efectos da Sentenza nº 177/2005, e consequentemente dispoñer o aboamento das cantidades antes indicadas, correspondente ás substitucións acreditadas polo recorrente que superen un mes no período de un ano, tal e como establece o fundamento xurídico 2º da citada resolución xudicial.

Segundo.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e

2 Inclúe os dous días de traxecto, xa que cada un deles ten unha duración ininterrompida de 10 horas.

condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

**29(1601).- ABOAMENTO DO COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DE CONDUTORES DA 1ª TENENCIA DE ALCALDÍA NO PERÍODO XANEIRO-XUÑO 2008. EXPTE. 18370/220.**

Examinadas actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Patrimonio Histórico, do 24.09.08, conformado pola concelleira delegada de Patrimonio Histórico e pola concelleira delegada de Economía e Facenda, que di o seguinte:

*En data 29 de xuño do 2007 o Tenente de Alcalde solicitou que os funcionarios D. José Luis Pérez Costas, con DNI 36.085.935 Q e nº de persoal 23142, e D. Juan Pablo Alonso Rodríguez, con DNI 36.075.555 D e nº de persoal 18218 -ambos membros do Corpo da Policía Local coa categoría de gardas- lle presten apoio persoal no desenvolvemento das súas funcións de carácter público, incluída a realización de funcións de acompañamento no vehículo oficial que ten asignado.*

*Considerando a petición formulada, así como as especiais necesidades manifestadas polo Tenente de Alcalde, e no uso das competencias que en canto á xefatura do Corpo da Policía Local ostenta a Alcaldía-Presidencia segundo preceptúa o artigo 124.4.j) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local en canto ao réxime xurídico dos municipios de grande poboación, a Alcaldía-Presidencia resolveu, en data 10 de xullo de 2007 dispoñer que os funcionarios D. José Luis Pérez Costas, con DNI 36.085.935 Q e nº de persoal 23142, e D. Juan Pablo Alonso Rodríguez, con DNI 36.075.555 D e nº de persoal 18218, gardas do Corpo da Policía Local, realicen funcións de asistencia persoal e apoio ao Tenente de Alcalde, Sr. D. Santiago Domínguez Olveira, incluída a realización de funcións de acompañamento no vehículo oficial que ten asignado, con carácter exclusivo e baixo as ordes directas do mesmo, sen prexuízo das competencias reservadas ex lege á Alcaldía-Presidencia polo artigo 124.4.j) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro.*

*Os devanditos funcionarios continuarán adscritos aos seus respectivos postos de traballo, percibindo as retribucións inherentes aos mesmos de conformidade coa lexislación vixente en materia de Función Pública, sen prexuízo daqueles complementos retributivos cuxo outorgamento poda acordar a Xunta de Goberno Local en atención ao especial rendemento, interese ou dedicación no desenvolvemento das funcións encomendadas, consonte ás vixentes Instrucións de Plantilla, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/05/2005 e publicadas no BOP nº 108, do martes 7 de xuño do 2005.*

*En data 1 de xullo de 2008, o Tenente Alcalde, D Santiago Dominguez Olveira soliiicita o aboamento dun complemento de produtividade aos funcionários citados pólo importe correspondente as diferencias retributivas existentes em canto as retribuciones complementarias (complemento de destino e específico) entre os postos de policia local e oficial conductor da Alcaaldia, entre o periodo correspondente entre o 1 de xaneiro e o 30 de xuño de 2008.*

*Os postos 134 policia local estan retribuídos no ano 2008 cun importe mensual de CD (14) de 313.81 € e un CE (50) de 640.27 €. Os postos 162 oficial conductor da Alcaaldia retribuiense cun importe mensual de CD (16) de 360,02€ e un CE (130) de 988.93€*

*Polo tanto, a diferencia entre ambos postos supon um total mensual de 394.87 € ao mês, do que 46.21 € corresponden a diferencia no complemento de destino e 348.66 € a diferencia no complemento específico.*

*De conformidade co disposto no artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuí-lo especial rendemento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.*

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento devenguen ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.

Corresponde ó Alcalde-Presidente da Corporación a distribución do complemento de produtividade entre os diferentes programas ou áreas e a asignación individual do complemento de produtividade, con suxección ós criterios que, de se-lo caso, teña establecido o Pleno, sen prexuízo das delegacións que teña conferidas con arranxo ó establecido na Lei 7/ 85, de 2 de abril. Na actualidade, a facultade de asignación individual deste complemento retributivo atópase delegada na Xunta de Goberno Local.

Pólo anteriormente exposto e segun a instrucción de servizo do Concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 17 de xullo de 2008, e vistos os feitos precedentes e normas legais de anterior invocación, pode informarse que, en principio, concorrerían os supostos necesarios para que o órgano resolutor puidera proceder ó outorgamento deste complemento retributivo, ben entendendo que non se trata dun dereito subxectivo preexistente dos funcionarios, senon dunha retribución complementaria de carácter eminentemente discrecional por parte do órgano resolutor, pólo que, no caso de que a Xunta de Goberno así o estime, correspondería aboar, pólo período comprendido entre o 1 de xaneiro ao 30 de xuño de 2008 a cantidade de 2369,22 € a D. José Luis Pérez Costas, con DNI 36.085.935 Q e nº de persoal 23142, e a mesma cantidade a D. Juan Pablo Alonso Rodríguez, con DNI 36.075.555 D e nº de persoal 18218. E pólo que propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a seguinte PROPOSTA:

“Aboar ós seguintes funcionarios, que prestan servizos apoio persoal no desenvolvemento das súas funcións de carácter público, incluída a realización de funcións de acompañamento no vehículo oficial que ten asignado ao Tenente Alcalde, as cantidades que para cada un deles se especifica, polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo, mais ala do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, de conformidade co regulamentado no artigo 5 do R. decreto 861/86, de 25 de abril, no período comprendido entre o 16 de xullo e o 31 de decembro de 2007:

D. José Luis Pérez Costas, con DNI 36.085.935 Q e nº de persoal 23142: 2369,22 €

D. Juan Pablo Alonso Rodríguez, con DNI 36.075.555 D e nº de persoal 18218: 2369,22 €

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe-proposta.

### **30(1602).- AXUDAS ESPECIAIS CON CARGO AO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL. EXPTE. 18482/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 8.10.08, e de acordo co informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, conformado polo concelleiro da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o aboamento, en concepto de axudas especiais, con cargo ao Fondo de Acción Social, por importe total de 7.971,00 € (SETE MIL NOVECIENTOS SETENTA E UN EUROS), ós empregados municipais que se relacionan:

APELIDOS E NOME	DNI	Nº PERSOAL	EUROS
Alfayete Rodríguez, M <sup>a</sup> Catalina	09.282.427	79850	2.080,00
González Rodríguez, Miguel José	36.036.153	14835	1.025,00

Magdalena Vila, M <sup>a</sup> Jesús	36.025.359	13161	2.800,00
Martínez Loira, Belén	35.297.206	21960	220,00
Molina Magdalena, Fernando	36.065.820	77043	966,00
Rodríguez Díaz, M <sup>a</sup> Raquel	36.015.045	10576	880,00
SUMA TOTAL			7.971,00

Denégase a solicitude de D. Javier Martínez Tilve, por non estar incluída a mesma neste tipo de axudas.

**31(1603).-RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DO 24.07.08 QUE IMPÓN SANCIÓN DISCIPLINARIA A UN FUNCIONARIO DA POLICÍA LOCAL. EXPTE. 33737/212. DESESTIMADO.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do asesor xurídico, do 17.10.08, que di o seguinte:

*ANTECEDENTES*

*PRIMEIRO.- Con data de 25 de setembro de 2008 o funcionario do Corpo de Policía Local, D. Marcelo Caldas Blanco, titular do NIF nº 77.401.761E, e nº persoal 79361, presenta no Rexistro Xeral deste Concello, con asento documental nº 80117697, recurso de reposición contra a sanción de amoestación con constancia no seu expediente persoal, acordada pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 24 de Xullo de 2008, expte.33737/212 como autor dunha falta disciplinaria de carácter leve polo atraso inxustificable na entrega de 14 boletíns de denuncias de tráfico.*

*SEGUNDO.- O recorrente solicita a anulación da sanción imposta e a súa eliminación do seu expediente persoal en virtude da inexistencia nas ordes do día de ningún recordatorio da obrigaçión de depositar diariamente na caixa de correos as denuncias formuladas e, así mesmo, da ausencia de criterios e cuantificación dos prexuízos irrogados á Administración polo atraso na entrega das denuncias, que segundo o recorrente, constitúen os fundamentos xurídicos da proposta de sanción elevada polo instrutor.*

*FUNDAMENTOS XURÍDICOS*

*PRIMEIRO.- Nos fundamentos xurídicos do acordo recurrido prescídese, por innecesario, da necesidade de insertar na orde do día o anuncio recordando a obrigatoriedade de depositar diariamente na caixa de correos as denuncias formuladas, como fonte da obrigaçión de dilixencia na entrega das mesmas; e iso por resultar unha obrigaçión tan inherente á función, que non necesita recordatorio expreso.*

*SEGUNDO.- Na segunda alegación, o recorrente invoca a ausencia na resolución recurrida do “criterio adoptado para determinar el mencionado perjuicio causado a la Administración, no habiéndose cuantificado en ningún momento, a sabiendas de que el plazo de prescripción del más antiguo de los boletines tendrá su momento en el mes de noviembre, como mínimo”.*

*O motivo ten que ser igualmente desestimado, en canto a mera constatación da comisión dunha conducta tipificada como infracción é reveladora do prexuízo causado á Administración. A infracción imputada consiste no atraso continuado no cumprimento das funcións propias do posto e, cabalmente, o que propón o recorrente é tanto como dispoñer o funcionario do prazo legalmente establecido para a tramitación das denuncias, o que con toda evidencia non resulta legalmente admisible.*

*En canto á falta de cuantificación do prexuízo, omite o recorrente que a sanción imposta é a mínima legalmente establecida, polo que o acordo adoptado non precisa de máis motivación neste extremo.*

*En mérito de canto antecede, o funcionario que suscribe considera oportuno elevar á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de*

## ACORDO

*Desestimar o recurso de reposición interposto polo policía local D. Marcelo Caldas Branco, con DNI nº 77.401.761E e nº persoal 79361, contra o Acordo desta Xunta de Goberno Local de data 24 de Xullo de 2008, polo que se impon ao recorrente a sanción disciplinaria de amonestación pola comisión dunha falta disciplinaria de carácter leve consistente no retraso inxustificable na entrega de 14 boletins de denuncia con vistas a súa tramitación.*

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **32(1604).- REDACCIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DO PROXECTO “HUMANIZACIÓN DO ENTORNO DE POVISA”. EXPTE. 30/440.**

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

### **33(1605).-REDACCIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DO PROXECTO DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA ESPERANTO”. EXPTE. 29/440.**

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

### **34(1606).- REDACCIÓN DO PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DO BARRIO DE BOUZAS, FASE 1. ALAMEDA SUÁREZ LLANOS. EXPTE. 33/440.**

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

### **35(1607).- REDACCIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN E RENOVACIÓN DO SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DA RÚA SANJURJO BADÍA”. EXPTE. 31/440.**

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

### **36(1608).- REDACCIÓN DOS PROXECTOS MODIFICADOS DOS PROXECTOS DE HUMANIZACIÓN DO ENTORNO DO CALVARIO. EXPTE. 32/440.**

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

### **37(1609).- APROBACIÓN TÉCNICA DO PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DO PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS INFRAESTRUCTURAS VIARIAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 34/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Servizos Xerais, do 15.10.08, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

*O Proxecto de ACONDICIONAMENTO, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS INFRAESTRUCTURAS VIARIAS DO CONCELLO DE VIGO, expediente 54.351/250, inicialmente aprobado en Xunta de Goberno Local en data 7 de abril, non contén unha serie de unidades de obra que foron aparecendo a medida que se está executando o mesmo.*

Como consecuencia e dado que tales unidades de obra non se poderían certificar, fíxose necesario proceder a redacción do proxecto “Modificado nº 1 de acondicionamento, mantemento e conservación das infraestructuras viarias do Concello de Vigo”, redactado polo Técnico Municipal D. Jorge Muñoz Rama, en setembro de 2008.

O obxecto do proxecto é definir e valorar as novas unidades de obra non contempladas no proxecto primitivo e que son necesarias para que a empresa adxudicataria poida certificar todos os traballos realizados, e que non suporán custe adicional algún ao importe total do proxecto inicialmente aprobado, coas condicións establecidas no contrato coa empresa adxudicataria.

En base ao informe do enxeñeiro técnico da OSPIO, D. Jorge Muñoz Rama, a documentación do proxecto se considera completa, tendo en conta a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola lei 30/2007 de Contratos do Sector Público, (B.O.E. Nº 261 de 31/10/2007); polo que se informa favorablemente e proponse a súa aprobación os efectos de control ordenado por el artículo 109 da referida ley de Contratos do Sector Público.

Polo exposto sométese á consideración da Xunta de Goberno Local, a seguinte:

**PROPOSTA:**

1.-Aprobar técnicaamente o proxecto “MODIFICADO Nº1 DE ACONDICIONAMENTO, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS INFRAESTRUCTURAS VIARIAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPEDIENTE 54.351/443”, cun presuposto adicional líquido de CERO EUROS (0,00 €).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **38(1610).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE AFIFE S.L. POLA OCUPACIÓN CUNHA MARQUESINA NA RÚA RECONQUISTA, 4. EXPTE. 56268/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 10.10.08, conformado pola concelleira delegada da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, que di o seguinte:

Con data 29 de agosto de 2008, autorizouse a AFIFE, S.L. a ocupación da vía pública cunha marquesina con número de expediente 56268/250, cunha ocupación de 5 m<sup>2</sup> na r/ Reconquista, nº 4 para rehabilitación de vivenda con licenza 63185/421, constituíndo unha fianza de 3.000 € (tres mil euros), con número de operación 200800046149 de data 4/09/2008.

Solicitada a baixa e a devolución da fianza con data 12/08/2008 e número de documento 80112684, unha vez rematadas as obras, remítese ao inspector de Vías e Obras para informe.

Na inspección feita con data 16 de setembro de 2008, indícase que o andamio foi retirado e a efectos da devolución da fianza o pavimento quedou en perfectas condicións.

Polo que se PROPÓN:

Proceder á devolución da fianza de 3.000 € (tres mil euros), a favor de AFIFE, S.L..

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda proceder á devolución da fianza de 3.000 € (tres mil euros), a favor de AFIFE, S.L.

### **39(1611).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A FAVOR DE D. JOSÉ M. SÁNCHEZ CASCO CONSTITUÍDO POLA CELEBRACIÓN DA IV FESTA-CONCERTO STELLDRAGONS NO PARQUE DE CASTRELOS O 4.10.08. EXPTE. 453/107.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 13.10.08, conformado polo tenente de Alcalde, que di o seguinte:

*Segundo consta neste expediente o departamento de Montes, Parques e Xardíns, impuxo un aval de 4.000€ para responder de posibles danos no Parque de Castrelos por celebración da festa-concerto o pasado 4 de outubro de 2008.*

*O día. 8 de outubro de 2008, o Enxeñeiro de Montes, Parques e Xardíns, emite informe no que dí, que por parte do departamento de Montes, Parques e Xardíns non existe inconvinte a que se proceda a devolución xa que non houbo danos no espazo utilizado.*

*Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*“Autorizar a devolución do aval de 4.000, imposto polo departamento de Montes, Parques e Xardíns a D. Jose Manuel Sanchez Casco, para responder de posibles danos no Parque de Castrelos por celebración da festa-concerto o pasado 4 de outubro de 2008”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **40(1612).- RENUNCIA DE D<sup>a</sup>. PATRICIA TORRES LÓPEZ Á BOLSA DE FORMACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS NAS OFICINAS E SERVIZOS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA DA CONCELLERÍA DE TURISMO. EXPTE. 2377/104.**

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta da técnico medio de Turismo, Comercio e Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a renuncia de Dona Patrimica Torres López con DNI 36140833J, a bolsa de formación para a realización de prácticas nas oficinas e servizos turísticos da Concellería de Turismo dende o 8 de outubro de 2008 ata 15 de outubro de 2008, que se desenvolven dende o 15 de xuño ata o 15 de outubro de 2008, ámbolos dous inclusive.

#### **41(1613).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás doce horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.